Entidade Local Menor
de Bembrive

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 2/2019, DO DIA 15 DE MARZO DE 2019

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo as 20 horas e 1 minuto do venres dia 15 de marzo de 2019, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 12 do mesmo mes, reúnense a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Alcaldesa-Pedánea, Dª. Concepción Martínez Rodríguez, a Xunta Veciñal, asistindo os seguintes vocais:

D. José Vila Veloso	PSdeG – PSOE
Dª Araceli Abalde Fernández	PSdeG – PSOE
D. Carlos Comesaña Abalde	Partido Popular

Asiste á sesión en calidade de secretaria da Corporación Dª. Patricia Alvarellos Leis.

A continuación procedese ó obxecto da sesión o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. **Acta anterior:**
   - **Núm. 1/2019, do 31 de xaneiro de 2019**
2. **Elaboración de catálogo de funcións do persoal laboral**

II. PARTE DE CONTROL:

3. **Instalación de apoios e liña eléctrica no Camiño da Capela**
4. **Manifesto polo Día da Muller**
5. **Resolucións da alcaldía – pedanía**
6. **Rogos e preguntas.**

Ábrese a sesión polo Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. **Actas anteriores:**
   - **Núm. 1/2019, do 31 de xaneiro de 2019**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuida coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade.

R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

2. Elaboración de catálogo de funcións do persoal laboral

A Sra. Alcaldesa Pedánea dá lectura á proposta desta Alcaldía, do pasado 12 de marzo:

Co obxectivo de delimitar correctamente as funcións do persoal ao servizo da Entidade Local de Bembrive, valorar a modificación dos complementos retributivos do mesmo, e proceder a elaborar unha Relación de Postos de Traballo (RPT), como ferramenta concebida para reorganizar a administración.

Conforme ó recollido no R.D. Lex. 5/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, art. 20 e 21 do Convenio colectivo das condicións de emprego do persoal laboral da ELM de Bembrive para o periodo 2014-2016 actualmente prorrogado (BOPP do 09.10.2014), e demáis normativa vixente reguladora na materia.

Actualmente existe unha plantilla de persoal desta Entidade Local, correspondente ao orzamento prorrogado do exercicio de 2014, na que se integran catro postos, dos cales tres son persoal laboral que desenvolven diversas tarefas que non se atopan legalmente recollidas de xeito concreto en documento algún.

Esta Alcaldía Pedanía, logo de manter xuntanzas coa representación do persoal laboral, considera que se deben poñer os medios necesarios para redactar un documento que recolla as características de todos e cada un dos postos existentes, e as funcións exactas desenvoltas polos traballadores desta Entidade.

En consecuencia, propoño á Xunta Veciñal a adopción do seguinte acordo:

1. *Incoar expediente de elaboración dun catálogo de funcións do persoal laboral ao servizo da Entidade Local de Bembrive, que analice e valore os postos de traballo e os factores que determinen o nivel dos complementos retributivos.*

2. *Solicitar memoria valorada do referido traballo a varias empresas que se consideren suficientemente cualificadas para elo.*

Non obstante a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente."

A Sra. Alcaldesa Pedánea manifesta que como ven, está bastante claro na proposta, os obxectivos neste momento son dous: facer unha delimitación de funcións do persoal laboral desta Entidade, que non existe; e adecuar os seus salarios, de acordo co recolllido no presuposto, pois existe partida para poder facelo. Isto é o que se está facendo neste momento na meirande parte dos concellos, porque esta indefinición ou non regulación de funcións é un feito que se constata en todos os concellos, e queremos que sexa un proceso transparente, do que todos teñamos coñecemento. Tiveron distintas reunións co persoal, non só co laboral, senón coa secretaria, que é funcionaria, e non está na mesma categoría de indefinición de funcións, pero polo seu posto, e porque tamén é persoal, tamén asistiu, e o que está facendo é o que de acordo á normativa o que se está facendo nos concellos.

Non se producen máis intervencións.

R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos catro membros presentes, acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

II. PARTE DE CONTROL:

3. Instalación de apoios e liña eléctrica no Camiño da Capela

A Sra. Abalde Fernández, vocal delegada de Montes e Medio Ambiente, dá conta da solicitude presentada o pasado 04.03.2019, informando que á empresa instaladora Barreiro electricidad S.L. encargóuselle a realización dunha instalación eléctrica para alimentar dunha bomba de trasvase de auga de rego na finca do Camiño da Capela, polígono 140 da parcela 257, no "Pinal do Rei", Bembrive. Para facer esta instalación é necesario realizar unha liña aérea con seis apoios de madeira ou postes, para poder levar a corrente polo camiño existente que une a Estrada da Capela ao Camiño da Capela. Por elo, solicitaron autorización para poder colocar eses postes e o paso de liña monofásica para a instalación de corrente de bomba de rego. Adxúntase plano da parcela e do trazado da liña polo camiño.

O Sr. Comesaña Abalde pregunta quen é o que quere meter a bomba.

A Sra. vocal delegada e a Sra. Alcaldesa Presidenta manifestan que é solicitude da empresa Barreiro Electricidad para colocar un tendido eléctrico que permita poñer unha bomba de rego no Camiño da Capela para unha finca.

O Sr. Comesaña Abalde dí que alí hai unha casa que xa tiña un litixio dende hai moitos anos coa Entidade, porque queria pasar polo monte de Bembrive. Xa tiveron problemas con ela porque querían facer un camiño de acceso polo monte, e que se poña ollo ao tema, que piden a bomba para a casa. No ano 2002-2003 xa houbo un problema con eles porque quixeron facer unha pista desde o monte de Bembrive para entrar para casa deles.

O Sr. Vila Veloso indica que o camiño é o que teñen por detrás, que a finca non é del, que o alquilou simplemente, e que só queren meter uns cabalos alí.

A Sra. Alcaldesa Presidenta di que o procedemento é que se debe remitir a documentación a Medio Rural e, ao igual que o Sr. Vila Veloso, asegura que van estar atentos.

4. Manifesto polo Día da Muller

A Sra. Alcaldesa Pedánea dá lectura ao manifesto desta Alcaldía do 8 de marzo polo Día da Muller:

"Un ano máis, unímonos todo o mundo para conmemorar o Día Internacional da Muller.

R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

Neste día debemos volver a vista atrás para lembrar as dificultades pasadas e os logros acadados, pero tamén debemos mirar ao futuro con ilusión, fixando novos retos e vendo as oportunidades que se presentan para as futuras xeracións.

Os avances na situación das mulleres non teñen sido fáciles, como tampouco o é o camiño que nos queda por andar. Todo proceso de cambio é lento e complexo, e no caso das mulleres aínda máis, dende os momentos históricos en que non podiamos acceder á educación regulada, ao voto, ao mercado de traballo... ata a actualidade cando podemos exercer moitas profesións tradicionalmente masculinizadas, e participar en calquera eido da vida cultural, política, económica e social, é evidente a profundidade da transformación acaecida.

Non podemos pensar que todo está feito, temos que seguir traballando pola igualdade, pola non discriminación e especialmente polo respeto.

Debemos alzar a voz e loitar, especialmente polas mulleres silenciadas coa violencia que exercen sobre elas, mulleres que foron violentadas dentro do seu ámbito familiar ou fóra del polo simple feito de ser mulleres.

Por todo iso queremos alzar a nosa voz e demostrar que todos e todas estamos unidos para que as mulleres ocupemos o lugar que nos corresponde, alzar a voz polas oportunidades que podemos ter e por todas as que xa non poden ter estas oportunidades.

Temos que conseguir unha sociedade na que os homes e as mulleres sexamos diferentes en tanto que persoas, pero iguais en dereitos e oportunidades, e niso é no que temos que poñer o noso empeño. Só desta forma contribuiremos a crear unha sociedade máis igualitaria, máis democrática, máis xusta e máis feliz.

Bembrive, 8 de marzo de 2019"

5. Resolucións da alcaldía – pedanía

Pola Sra. Alcaldesa Pedánea dase conta da relación das resolucións dictadas por esta Alcaldía dende a convocatoria da sesión do 31.01.2019 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. Vogais dende a convocatoria desta sesión:

06 30/01/2019 **Recoñecemento da obriga do gasto e orde de pago das nóminas de xaneiro 2019, por** impte. bruto total de **7.876,38 €.**

07 04/02/2019 **Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza do Xulgado Contencioso - Admvo. nº 1 de Vigo** de 10.01.2019, **no P.A. 437/18,** promovido **por Acelec Instalaciones Eléctricas SL,** condenando ao pago de **26.987,25 €.**

08 07/02/2019 **Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza do C-A do TSXG** de 05.07.2019, **no P.O. 374/15,** promovido **por Carlos Comesaña Abalde,** condenando ao pago de **1.815 € máis 544,50 €.**

09 07/02/2019 **Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza do Xulgado Contencioso - Admvo. nº 1 de Vigo** de 10.01.2018, **no P.O. 134/18,**

R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

promovido **por Eurodetalles SL,** condenando ao pago do impte. total de **42.918,72 €.**

10 14/02/2019 **Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza do Xulgado Contencioso - Advo. 2 de Vigo** de 20.02.2018, **no P.O. 162/17,** promovido **por Servicon Saneamiento y Obras SL,** condenando ao pago de costas, por **847 €.**

11 15/02/2019 **Orde de venta** dun lote **de 31 m3 de madeira** das parcelas 28, 29 e 68 do Polígono 138 de Vigo, **na Estrada de San Cibrán, do MUP 563, a Maderas Tebra S.L.**, polo impte. total de **1.000 €.**

12 19/02/2019 **Recoñecemento de obriga do gasto e orde de pago ao Concello de Vigo da Providencia de Apremio de tributos municipais 2018** (IBI rústica e Exacción Unif. Industriais), por impte. total de **263,15 €.**

13 19/02/2019 **Aprobación formal das bases do 18.02.2019 e autorización do gasto e recoñecemento de obrigas por premios e participacións do Concurso do Entroido 2019, por** impte. bruto total de **5.740 €.**

14 19/02/2019 Fixación para o 2019 de **incremento retributivo do persoal da ELMB, conforme ao RDL 24/2018,** do 2,25 %, máis o 0,25 % a partir do 1 de xullo.

15 20/02/2019 **Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza do Xulgado Contencioso - Admvo. nº 2 de Vigo, no P.O. 387/17,** promovido **por Acelec Instalaciones Eléctricas SL,** condenando ó pago do impte. total de **3.616,56 €.**

16 26/02/2019 **Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza do Xulgado Contencioso - Admvo. nº 2 de Vigo, no P.O. 130/18,** promovido **por Nexia Infraestructuras SLU,** condenando ó pago do impte. total de **17.301,80 €.**

17 27/02/2019 **Recoñecemento da obriga do gasto e orde de pago das nóminas de febreiro 2019, por** impte. bruto total de **8.053,09 €.**

18 01/03/2019 **Corrección de erros nas bases do 18.02.2019 e autorización do gasto e recoñecemento de obrigas por premios e participacións do Concurso do Entroido 2019, por** impte. bruto total de **6.540 €.**

19 04/03/2019 **Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza do Xulgado Contencioso - Admvo. nº 1 de Vigo, no P.A. 548/15,** promovido **por Pagaralia S.L.,** condenando ó pago do impte. total de **11.786,02 €.**

20 12/03/2019 Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 15/03/2019 (6 asuntos).

R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com

6. Rogos e preguntas.

O Sr. Comesaña Abalde pregunta cando van deixar de pagar sentenzas do Xulgado, porque estamos case a unha por semana, máis, temos noventa e tantos mil euros. Gustaríalle saber se queda algunha máis ou non. A última, a de Pagaralia, deberíaselle cobrar ao culpable, porque iso pagouse dúas veces, xa llo dixo aquí á Alcaldesa unha vez. O responsable debe facer frente a eses once mil euros, e o responsable saben todos quen é, o que gardou os papeis no caixón e non acudiu a defender a Entidade.

A Sra. Alcaldesa Pedánea contesta que lle responderá en canto saiba algo do asunto.

O Sr. Comesaña Abalde roga que se lle conteste canto antes, porque xa van catro sesións que non lle responde.

Esta agradece a colaboración dos colectivos e veciñanza que traballaron na Festa do Entroido. Ampliouse o número de comparsas participantes e todo o mundo coincidiu en que todo estaba ben.

O vindeiro venres dia 22 de marzo será a entrega de premios do concurso de redacción do Dia da Muller, ao que convida a todos.

Informa que onte tivo unha conversa co coordinador xa dimitido do Centro de Saúde de Bembrive. Quedaron de ter unha xuntanza a semana que ven, porque queren ter outra mobilización, á que se sumará a Entidade, xunto cos colectivos da parroquia. En canto teña esa comunicación, convocará aos colectivos e aos veciños para dicirlles o que queren facer os responsables e os traballadores deste Centro de Saúde.

E non tendo outros asuntos a tratar a Alcaldesa-Pedánea levanta a sesión sendo as 20.15 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcaldesa Pedánea

Asdo. Concepción Martínez Rodríguez

A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis

R.E.L.G. n.º 2000/1 CIF: P-3600009-I Praza Mosteiro, 1 – 36313 Bembrive (Vigo) Telf.: 986 42 31 48 – Fax: 986 49 41 45 e-mail: elmbembrive@gmail.com